

PROXECTO COMPETENCIAL DE 1º DE ESO: A HORTA

* Criterios de cualificación

O 100% da nota da materia depende do traballo da/o alumna/o no proxecto.

Procedementos que se empregarán para a avaliación:

- Observación directa do traballo do alumnado durante a clase
- Revisión do caderno de horta
- Valoración de produtos finais (ex: murais para divulgación do proxecto; fichas de traballo)

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e/ou rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Con elas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, entre outras.

* Criterios de recuperación

No caso de que unha alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo, dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A/o alumna/o deberá obter unha nota mínima de 5 para superar a materia.